

Interreg
Sudoe



Co-funded by
the European Union




I-ReWater

Xestión dos recursos hídricos na agricultura de regadío do espazo SUDOE

Durante os próximos tres anos (2024-2026), o obxectivo principal do proxecto I-ReWater será mellorar a xestión dos recursos hídricos na agricultura, integrando o uso de auga urbana rexenerada en cultivos agrícolas e contemplando aspectos ambientais que aseguren o seu bo uso debido á crise climática actual.

O resultado final será a presentación da "Estratexia Transnacional de Uso de Auga Rexenerada" e o "HUB de recursos de auga rexenerada na agricultura".




Interreg
Sudoe



Co-funded by
the European Union

I-ReWater

COOPERAR ESTÁ NAS TÚAS MANS



www.interreg-sudoe.eu/proyecto-interreg/i-rewater

PROXECTO COFINANCIADO POLO PROGRAMA INTERREG SUDOE A TRAVÉS
DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)

Axuda FEDER: 1.662.225€ | Custo total: 2.226.300€



Interreg
Sudoe



Co-funded by
the European Union



I-ReWater

Xestión sostible dos
recursos hídricos na
agricultura de regadío
no espazo SUDOE



I-ReWater



Investigar o potencial dun novo recurso

O cambio climático, a sobreexplotación de acuíferos e a elevada demanda, entre outros factores, converteron a **auga rexenerada** nun **activo clave** na xestión dos recursos hídricos e no modelo da economía circular. I-ReWater validará o seu uso na agricultura de regadío contribuíndo a fomentar unha maior sostibilidade do ciclo integral da auga. Mesmo se reduciría o uso de insumos (fertilizantes) xa que a auga rexenerada ten un elevado contido en nutrientes como nitróxeno e fósforo.

15 ACCIÓNS PILOTO

De forma sincronizada, realizaranse **13 ensaios en cultivos leñosos** (oliveiral, viñedo, lúpulo e amendoeira) e **2 en hortícolas** (tomate e sandía) con análise dos resultados a todos os niveis: agronómico, social e ambiental. Toda a rede de fertirrego incorporará sensores de baixo custo, a nivel de chan e planta, para desenvolver un novo sistema de axuda á decisión (Decision Support System, DSS) replicable a nivel usuario. Esta nova ferramenta TIC permitirá ao agricultor coñecer cando e canto deber regar e, ao tempo, avanzar cara á agricultura 4.0 da man da economía circular.




Outra das tarefas importantes en I-ReWater será mellorar o coñecemento xeral sobre a auga rexenerada fomentando o intercambio de información entre todos os actores.



QUE É A AUGA REXENERADA?
É auga residual depurada que recibe un tratamento adicional para reducir a súa carga contaminante e poder ser reutilizada en diferentes destinos: agrícola, urbano, industrial, recreativo, acuicultura, gandería, silvicultura ou en destino ambiental.

CONSORCIO
Os 16 socios que colaboran en I-ReWater integran un consorcio multidisciplinar que se complementa co apoio de 39 entidades colaboradoras.



Interreg Sudoe Co-funded by the European Union

I-ReWater



Localización dos 15 pilotos de I-ReWater no espazo SUDOE

